- IES Salvaterra (Salvaterra de Miño - Pontevedra)

✓ PREGAL FERNÁNDEZ, ADRIÁN

Estudante da Facultade de Física

Título: “Xogando coa luz”

- IES Salvaterra (Salvaterra de Miño - Pontevedra)

v RADZIUNAS SALINAS, YAGO

Predoutoral da Área de Física Teórica

Título: “Xogando coa luz”

- IES Praia Barraña (Boiro - A Coruña)
- IES Arcebispo Xelmírez I (Santiago de Compostela - A Coruña)

v REGUEIRO FERREIRA, ROSA MARIA

Profesora Axudante Doutora da Área de Coñecemento de Economía Aplicada

Título: “Que pode facer a economía por ti? E ti por ela?”

- CFP Politécnico de Santiago (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES Francisco Daviña Rey (Monforte de Lemos - Lugo)
- IES Julio Prieto Nespereira (Ourense)
- IES San Paio (Tui - Pontevedra)

v RIAL SÁNCHEZ, ANTONIO

Profesor Emérito da Área de Coñecemento de Pedagogía e Didáctica

Título: “Formación para o Traballo e Inserción Laboral “

- CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Carmen " (Betanzos - A Coruña)"
- CPR Plurilingüe San Narciso (Marín - Pontevedra)
- IES Antón Alonso Ríos (Tomiño - Pontevedra)
- IES Pedro Florianí (Redondela - Pontevedra)
- IES Plurilingüe Castro da Uz (As Pontes de García Rodríguez - A Coruña)

v RIGUEIRO RODRÍGUEZ, ANTONIO

Profesor Emérito da Área de Coñecemento de Producción Vexetal

Título: “ÁRBORES SENLLEIRAS DE GALICIA”

- IES Plurilingüe Fontem Albei (A Fonsagrada - Lugo)

- IES Plurilingüe Rosalía de Castro (Santiago de Compostela - A Coruña)

Título: “Bosques de Galicia e conservación da biodiversidade”

- IES de Sabón (Arteixo - A Coruña)
- IES de Soutomaior (Soutomaior - Pontevedra)

Título: “Cogomelos comestibles e venenosos”

- IES de Cacheiras (Teo - A Coruña)
- IES de Monterroso (Monterroso - Lugo)

V RIGUERA VEGA, RICARDO

Profesor Emérito da Área de Coñecemento de Química Orgánica

Título: “¿Que ten que ver a química con nós? Os produtos naturais, fármacos, plásticos, biotecnoloxía, ecoloxía, nanotecnoloxía.....”

- IES Camilo José Cela (Padrón - A Coruña)
- IES Julio Prieto Nespereira (Ourense)
- IES Marqués de Sargadelos (Cervo - Lugo)
- IES Ramón Otero Pedrayo (Ourense)

Título: “Química, alimentos e cociña”

- CPR Plurilingüe Cristo Rey (A Coruña)
- IES de Poio (Poio - Pontevedra)
- IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes (Lugo)
- IES Politécnico de Vigo (Vigo - Pontevedra)
- IES Xulián Magariños (Negreira - A Coruña)

V RIVAS MUNDIÑA, BERTA

Profesora Asociada de Universidad LOU da Área de Estomatoloxía

Título: “Odontoloxía e o seu futuro”

- CPR Los Sauces (Pontevedra)

✓ OTERO REY, EVA M^a

Profesora Asociada de Universidad LOU da Área de Estomatoloxía

Título: “Odontoloxía e o seu futuro”

- CPR Los Sauces (Pontevedra)

✓ BLANCO CARRIÓN, ANDRÉS

Profesor Titular de Universidade da Área de Estomatoloxía

Título: “Odontoloxía e o seu futuro”

- CPR Los Sauces (Pontevedra)

✓ ROCHA ÁLVAREZ, DELMIRO

Profesor Axudante Doutor da Área de Filosofía

Título: “O videoclip musical. Para un control cultural das masas”

- IES da Terra Chá, José Trapero Pardo (Castro de Rei - Lugo)
- IES Xermán Ancochea Quevedo (A Pobra de Trives - Ourense)

✓ RODEIRO PAZOS, DAVID

Profesor Titular de Universidade da Área de Economía Financeira e Contabilidade

Título: “A creación de empresas na universidade”

- IES de Sabón (Arteixo - A Coruña)

✓ RODRÍGUEZ AÑÓN, JOSÉ A.

Profesor Titular de Universidade da Área de Coñecemento de Física Aplicada

Título: “Cambio climático. Mitos, lendas e ciencia”

- CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel (Ourense)
- CPR Plurilingüe Cristo Rey (A Coruña)
- CPR Plurilingüe María Auxiliadora (Ourense)
- CPR Seminario Menor Diocesano A Asunción (Santiago de Compostela - A Coruña)

✓ RODRÍGUEZ GACIO, MARÍA DEL CARMEN

Profesora Contratada Doutora da Área de Coñecemento de Fisioloxía Vexetal

Título: “Pódense obter medicamentos a partir de plantas transxénicas”

- IES de Porto do Son (Porto do Son - A Coruña)
- IES Ramón Cabanillas (Cambados - Pontevedra)

✓ RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, ANTONIO

Profesor Titular de Universidade da Área de Coñecemento de Teoría e Historia da Educación

Título: “Saídas profesionais das ciencias da educación.”

- IES A Sangriña (A Guarda - Pontevedra)
- IES Eduardo Pondal (Ponteceso - A Coruña)

✓ RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, HÉCTOR

Profesor Titular de Universidade da Área de Coñecemento de Enxeñaría Química

Título: “A necesidade de andar separando: Procesos de separación na industria química”

- IES A Sardiñeira (A Coruña)

✓ RODRÍGUEZ OSORIO, CARLOS

Profesor Titular de Universidade da Área de Microbioloxía

Título: “ Microbios amigos: utilización de fungos e bacterias para producir alimentos por fermentación”

- IES Afonso X O Sabio (Cambre - A Coruña)
- IES Canido (Ferrol - A Coruña)
- IES de Monterroso (Monterroso - Lugo)
- IES de Sabón (Arteixo - A Coruña)
- IES do Milladoiro (Ames - A Coruña)

✓ RODRÍGUEZ PALLARES, JANNETTE

Profesora Titular de Universidade da Área de Coñecemento de Anatomía e Embrioloxía Humana

Título: “¿Podense trasplantar las neuronas?”

- CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel (Ourense)

Título: “Medicina rexenerativa, ¿o futuro xa é presente?”

- IES de Monterroso (Monterroso - Lugo)

v RODRÍGUEZ PEDREIRA, NURIA

Profesora Titular de Universidade da Área de Filoloxía Francesa

Título: “Linguas Modernas e as súas literaturas: ¿qué son e para qué serven?”

- IES de Mos (Mos - Pontevedra)
- IES Gonzalo Torrente Ballester (Pontevedra)
- IES Lamas de Abade (Santiago de Compostela - A Coruña)

v RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, M. RAMIRO

Investigador do Grupo de investigación: Modelización, Enerxía e Mecanización en Biosistemas

Título: “A gandería na encrucillada: produción de alimentos, benestar animal e cambio climático.”

- CFEA de Sergude (Boqueixón - A Coruña)
- IES de Cacheiras (Teo - A Coruña)
- IES Plurilingüe San Rosendo (Mondoñedo - Lugo)

v RODRÍGUEZ SOALLEIRO, ROQUE

Catedrático de Universidade da Área de Producción Vexetal

Título: “Selvicultura do piñeiro do país”

- IES de Arzúa (Arzúa - A Coruña)

v ROMERO FRANCO, ROSA

Profesora Titular de Universidade da Área de Producción Vexetal

Título: “Non todo o monte é madeira”

- CFP Santiago (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES Plurilingüe San Rosendo (Mondoñedo - Lugo)

✓ ROMO DÍEZ, IRENE

Estudiante da Facultade de Física

Título: "Xogando coa luz"

- IES Nº 1 (O Carballiño - Ourense)
- IES Universidade Laboral (Ourense)

✓ SAAVEDRA NIEVES , ALEJANDRO

Profesor Axudante Doutor da Área de Estatística e Investigación Operativa"

Título: "Xogas?"

- CPR Plurilingüe La Salle (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES Auga da Laxe (Gondomar - Pontevedra)
- IES Brión (Brión - A Coruña)
- IES de Sar (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES Universidade Laboral (Ourense)

✓ SAINZ OSÉS, MARÍA JESÚS

Profesora Titular de Universidade da Área de Coñecemento de Producción Vexetal

Título: "Sabemos o impacto ambiental do que comemos?"

- CFP A Carballeira-Marcos Valcárcel (Ourense)
- CPR Plurilingüe María Auxiliadora (Ourense)
- IES de Becerreá (Becerreá - Lugo)
- IES Eduardo Pondal (Ponteceso - A Coruña)
- IES Espiñeira (Boiro - A Coruña)

✓ SALGADO CASTRO, FRANCISCO JAVIER

Profesor Titular de Universidade da Área de Coñecemento de Bioquímica e Bioloxía Molecular

Título: “Biomedicina, agullas e paleiros”

- IES A Pontepedriña (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES Frei Martín Sarmiento (Pontevedra)

v SANMARTÍN BARROS, ISRAEL

Profesor Contratado Doutor da Área de Coñecemento de Historial Medieval

Título: “La escritura del Reino medieval de Galicia desde el siglo XVI hasta la actualidad”

- IES Ramón Menéndez Pidal (A Coruña)

Título: “La Galicia medieval en la historiografía”

- IES Plurilingüe Rosalía de Castro (Santiago de Compostela - A Coruña)

v SIXTO GARCÍA, JOSÉ

Profesor Axudante Doutor da Área de Coñecemento de Xornalismo

Título: “Aprender a emprender empregando as novas tecnoloxías dixitais “

- CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Carmen " (A Coruña

Betanzos - A Coruña)"

- IES Salvador de Madariaga (A Coruña)

v SOUSA FERNÁNDEZ, XULIO CÉSAR

Profesor Titular de Universidade da Área de Coñecemento de Filoloxías Galega e Portuguesa

Título: “Todos falamos dialecto”

- IES Nº 1 CPR Malvedo (Carballiño Coles - Ourense)
- IES de Becerreá (Becerreá - Lugo)
- IES Nº 1 (Ribeira - A Coruña)

v SUÁREZ PIÑEIRO, ANA Mª

Profesora Titular de Universidade da Área de Historia Antiga

Título: “Estes romanos están tolos!”

- IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES Campo de San Alberto (Noia - A Coruña)
- IES Pedregal de Irimia (Meira - Lugo)
- IES Ramón Otero Pedrayo (Ourense)

v SUÁREZ QUINTANILLA, JOSÉ MARÍA

Profesor Titular de Universidade da Área de Coñecemento de Estomatoloxía

Título: “A linguaxe non verbal e a estética facial como medio de comunicación”

- CPR Fingoi (Lugo)
- IES Nº 1 (Ribeira - A Coruña)
- IES Plurilingüe Rosalía de Castro (Santiago de Compostela - A Coruña)

v TABOADA ANTELO, PABLO

Catedrático de Universidade da Área de Física da Materia Condensada

Título: “Novos avances tecnolóxicos no ámbito da saúde: a Nanomedicina”

- IES Concepción Arenal (Ferrol - A Coruña)
- CPR Plurilingüe Compañía de María (Santiago de Compostela - A Coruña)
- CPR Plurilingüe Cristo Rey (A Coruña)

v TORNEIRO ABUIN, MERCEDES

Profesora Titular de Universidade da Área de Química Orgánica

Título: “La PDB e a forma das proteínas”

- CPR Sek-Atlántico (Poio - Pontevedra)

v TRIGO GARCÍA, BELÉN

Profesora Contratada Doutora da Área de Dereito Civil

Título: “Corpo, identidade, sexo e xénero”

- IES Espiñeira (Boiro - A Coruña)

✓ TRILLO ALONSO, FELIPE

Profesor Titular de Universidade da Área de Coñecemento de Didáctica e Organización Escolar

Título: “Estudar e aprender na Universidade”

- IES A Sangriña (A Guarda - Pontevedra)

✓ VARGAS CALLEJAS, GERMÁN

Profesor Contratado Doutor da Área de Coñecemento de Teoría e Historia da Educación

Título: “A utopía educativa e social da cultura da sostibilidade fronte ao cambio climático e o colapso civilizatorio”

- IES Agra de Raíces (Cee - A Coruña)
- IES do Camiño (Palas de Rei - Lugo)

✓ VÁZQUEZ SANDE, PABLO

Profesor Asociado da Área de Periodismo

Título: “Como vivir do TikTok ou do Instagram sen ser 'influencer': novas profesións para novos tempos”

- CPR Pablo VI Fátima (A Rúa - Ourense)
- IES Macías o Namorado (Padrón - A Coruña)
- IES Pedro Florianí (Redondela - Pontevedra)
- IES Plurilingüe Fontexería (Muros - A Coruña)

✓ VILA LAMEIRO, PABLO

Profesor Contratado Doutor da Área de Coñecemento de Enxeñaría Agroforestal

Título: “Árbores e Madeira: Berce da vida e da cultura”

- IES de Melide (Melide - A Coruña)
- IES Manuel Chamoso Lamas (O Carballiño - Ourense)

- IES Plurilingüe San Rosendo (Mondoñedo - Lugo)

✓ VILAR RIVAS, MIGUEL ÁNGEL

Profesor Titular de Universidade da Área de Coñecemento de Matemática Aplicada

Título: “Modelos matemáticos: unha axuda para entender e explicar a realidade”

- IES Fernando Blanco (Cee - A Coruña)

✓ VILLA ORTEGA, VERÓNICA

Predoutoral da Área de Física Teórica

Título: “Xogando coa luz”

- IES Praia Barraña (Boiro - A Coruña)

✓ VIÑA CASTELAO, MARÍA DOLORES

Profesora Titular de Universidade da Área de Coñecemento de Farmacoloxía

Título: “Uso terapéutico de plantas medicinais”

- CIFP Santiago (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES Francisco Daviña Rey (Monforte de Lemos - Lugo)
- IES Lamas de Abade (Santiago de Compostela - A Coruña)

ENCONTROS
DO
ENSINO MEDIO
NA
USC

Nesta actividade ofrécese ós estudantes de Ensino Medio unha oportunidade de contacto coa Universidade, visitando os centros dos Campus de Lugo e Santiago.

Con esta iniciativa preténdese acercar ao alumnado de Ensino Medio aos estudos nos que eles están máis interesados mostrándolle as materias coas que se van atopar así como as súas saídas profesionais, a posibilidade de emprego etc, e coñecer as instalacións onde se imparte a titulación na que están e, nalgún caso, poder asistir a unha clase cos alumnos de 1º curso e visitar laboratorios de clases prácticas.

Nestas visitas, ademais dos responsables dos centros universitarios participaron os estudantes do 2º ano do curso de titores, que foron os encargados de dirixilos polos campus e comentarlles as súas vivencias na USC

Neste curso 2022-23 os encontros tiveron lugar o 31 de xaneiro e 1 e 2 de febreiro de 2023 nos Campus de Santiago e 8 de febreiro e 30 e 31 de marzo de 2023 no Campus de Lugo

Nestes encontros participaron un total de 6264 estudantes de 89 centros de ensino medio de toda Galicia, 5279 no campus de Santiago (de 89 centros) e 985 no Campus de Lugo (de 20 centros).

No Campus de Santiago distribuíronse entre os seguintes percorridos:

Perc.01.- Facultades de Xeografía e Historia / Fac. de Filosofía

Perc.02.- Fac. de Ciencias da Educación (todas as titulacións do Campus Norte e Sur) / Escola Univ. de Traballo Social

Perc.03.- Fac. de Medicina / Fac. Enfermería

Perc.04.- Fac. de Ciencias da Comunicación / Fac. de Filoloxía

Perc.05.- Fac. de Filoloxía

Perc.06.- Fac. de Ciencias Económicas e Empresariais

Perc.07.- Fac. de Dereito / Fac. de Relacións Laborais

- Perc.08.- Fac. de Dereito / Fac. de Ciencias Políticas e Sociais
- Perc.09.- Fac. Bioloxía / Fac. de Farmacia
- Perc.10.- Fac. Óptica e Optometría / Fac. de Farmacia
- Perc.11.- Fac. de Física / Fac. Matemáticas
- Perc.12.- Fac. de Física / Fac. de Química
- Perc.13.- Fac. de Química / E.T.S. Enxeñaría (Enxeñaría Química)
- Perc.14.- E.T.S. Enxeñaría (Enxeñaría Informática) / Fac. Matemáticas
- Perc.15.- Fac. Psicoloxía
- Perc.16.- Fac. Ciencias da Educación (todas as titulacións do Campus Norte e Sur)
- Perc.17.- E.T.S. Enxeñaría (Enx. Informática e Intelixencia Artificial)

No Campus de Lugo os percorridos foron:

- Perc.01.- Fac. de Formación de Profesorado / Fac. de Humanidades e EU de Relacións Laborais
- Perc.02.- Fac. de Administración e Dirección de Empresas / Fac. de Humanidades e EU de Relacións Laborais
- Perc.03.- Fac. de Veterinaria / EU. de Enfermaría
- Perc.04.- Fac. de Ciencias / Esc. Politécnica Superior de Enxeñaría
- Perc.05.- Fac. de Ciencias
- Perc.06.- Esc. Politécnica Superior de Enxeñaría

Os centros de ensinos medio que participaron foron os seguintes:

CAMPUS DE SANTIAGO:

CPR PLURILINGÜE FOGAR DE SANTA MARGARIDA (A Coruña - A Coruña)

CPR PLURILINGÜE HIJAS DE CRISTO REY (Oleiros - A Coruña)

CPR PLURILINGÜE LA SALLE (Santiago de Compostela - A Coruña)

CPR PLURILINGÜE NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN (Betanzos - A Coruña)

CPR SEMINARIO MENOR DIOCESANO A ASUNCIÓN (Santiago de Compostela - A Coruña)

IES A SARDIÑEIRA (A Coruña - A Coruña)

IES AFONSO X O SABIO (Cambre - A Coruña)

IES AGRA DE LEBORÍS (A Laracha - A Coruña)

IES ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS (Santiago de Compostela - A Coruña)

IES ARCEBISPO XELMÍREZ I (Santiago de Compostela - A Coruña)

IES ARCEBISPO XELMÍREZ II (Santiago de Compostela - A Coruña)

IES AS FONTIÑAS (Santiago de Compostela - A Coruña)

IES AS TELLEIRAS (Narón - A Coruña)

IES BREAMO (Pontedeume - A Coruña)

IES BRIÓN (Brión - A Coruña)

IES CAMPO DE SAN ALBERTO (Noia - A Coruña)

IES DA POBRA DO CARAMIÑAL (A Pobra do Caramiñal - A Coruña)

IES DAVID BUJÁN (Cambre - A Coruña)

IES DE ARZÚA (Arzúa - A Coruña)

IES DE CACHEIRAS (Cacheiras - A Coruña)

IES DE CURTIS (Curtis - A Coruña)

IES DE MELIDE (Melide - A Coruña)

IES DE MUGARDOS (Mugardos - A Coruña)

IES DE ORTIGUEIRA (Ortigueira - A Coruña)

IES DE PORTO DO SON (Porto do Son - A Coruña)

IES DE SABÓN (Arteixo - A Coruña)

IES EDUARDO PONDAL (Ponceso - A Coruña)

IES ESPÍNEIRA (Boiro - A Coruña)

IES FÉLIX MURIEL (Rianxo - A Coruña)

IES ISAAC DÍAZ PARDO (Sada - A Coruña)

IES MACÍAS O NAMORADO (Padrón - A Coruña)

IES MARÍA CASARES (Oleiros - A Coruña)

IES MONELOS (A Coruña - A Coruña)

IES MONTE DAS MOAS (A Coruña - A Coruña)

IES MONTE NEME (Carballo - A Coruña)

IES PLURILINGÜE ADORMIDERAS (A Coruña - A Coruña)

IES PLURILINGÜE DE AMES (Bertamiráns - A Coruña)

IES PLURILINGÜE ELVIÑA (A Coruña - A Coruña)

IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA (Muros - A Coruña)

IES PLURILINGÜE XOSÉ NEIRA VILAS (Perillo-Oleiros - A Coruña)

IES RAFAEL PUGA RAMÓN (A Coruña - A Coruña)

IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL (A Coruña - A Coruña)

IES RICARDO CARVALHO CALERO (Ferrol - A Coruña)

IES SATURNINO MONTOJO (Ferrol - A Coruña)

IES TERRA DE TRASANCOS (Narón - A Coruña)

IES XULIÁN MAGARIÑOS (Negreira - A Coruña)

COLEGIO FEC SAN JOSÉ (Lugo - Lugo)

IES DA TERRA CHÁ, JOSÉ TRAPERO PARDO (Castro Ribeiras de Lea - Lugo)

IES DE BECERREÁ (Becerreá - Lugo)

IES DE MONTERROSO (Monterroso - Lugo)

IES FRANCISCO DAVIÑA REY (Monforte de Lemos - Lugo)

IES GREGORIO FERNÁNDEZ (Sarria - Lugo)

IES NOSA SRA. DOS OLLOS GRANDES (Lugo - Lugo)

IES PERDOURO (Burela - Lugo)

IES PLURILINGÜE SAN ROSENDO (Mondoñedo - Lugo)

IES POETA DÍAZ CASTRO (Guitiriz - Lugo)

IES EDUARDO BLANCO AMOR (Ourense - Ourense)

IES JULIO PRIETO NESPEREIRA (Ourense - Ourense)

IES MANUEL CHAMOSO LAMAS (Carballiño - Ourense)

IES Nº 1 O CARBALLIÑO (O Carballiño - Ourense)

IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO (A Pobra de Trives - Ourense)

IES XESÚS FERRO COUSELO (Ourense - Ourense)

IES XESÚS TABOADA CHIVITE (Verin - Ourense)

CPR PLURILINGÜE MARÍA AUXILIADORA (Vigo - Pontevedra)

CPR PLURILINGÜE SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS (Pontevedra - Pontevedra)

CPR PLURILINGÜE SAN JOSÉ DE CLUNY (Vigo - Pontevedra)

IES A BASELLA (Vilanova de Arousa - Pontevedra)

IES ANTÓN ALONSO RÍOS (Tomiño - Pontevedra)

IES CASTRO ALOBRE (Vilagarcía de Arousa - Pontevedra)

IES DA CAÑIZA (A Cañiza - Pontevedra)

IES DE CHAPELA (Redondela - Pontevedra)

IES DE MOS (Mos - Pontevedra)

IES DE RODEIRA (Cangas - Pontevedra)

IES DE SALVATERRA DE MIÑO (Salvaterra de Miño - Pontevedra)

IES DE VALGA (Valga - Pontevedra)

IES DO BARRAL (Ponteareas - Pontevedra)

IES DO CASTRO (Vigo - Pontevedra)

IES ESCOLAS PROVAL (Nigrán - Pontevedra)

IES FRANCISCO ASOREY (Cambados - Pontevedra)

IES FREI MARTÍN SARMIENTO (Pontevedra - Pontevedra)

IES ILLA DE TAMBO (Marín - Pontevedra)

IES INDALECIO PÉREZ TIZÓN (Tui - Pontevedra)

IES MENDIÑO (Redondela - Pontevedra)

IES O CARRIL (Carril- Vilagarcía de Arousa - Pontevedra)

IES PAZO DA MERCÉ (As Neves - Pontevedra)

IES PEDRO FLORIANI (Redondela - Pontevedra)

IES PINO MANSO (O Porriño - Pontevedra)

IES PLURILINGÜE ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ (A Estrada - Pontevedra)

IES SANTA IRENE (Vigo - Pontevedra)

CAMPUS DE LUGO

IES PLURILINGÜE CASTRO DA UZ (As Pontes de García Rodríguez - A Coruña)

IES MONELOS (A Coruña - A Coruña)

IES ARCEBISPO XELMÍREZ I (Santiago de Compostela - A Coruña)

IES MANUEL MURGUIA (Arteixo - A Coruña)

CPR PLURILINGUE DIVINO MAESTRO (Lugo - Lugo)

COLEGIO SAN JOSE (Lugo - Lugo)

IES ANXEL FOLE (Lugo - Lugo)

IES NOSA SRA. DOS OLLOS GRANDES (Lugo - Lugo)

IES XOGRAR AFONSO GÓMEZ DE SARRIA (Sarria - Lugo)

IES MONTERROSO (Monterroso - Lugo)

IES PLURILINGÜE FONTEM ALBEI (A Fonsagrada - Lugo)

IES MURALLA ROMANA (Lugo - Lugo)

COLEXIO FINGOI (Lugo - Lugo)

COLEXIO PLURILINGÜE FRANCISCANOS (Lugo - Lugo)

IES LUCUS AUGUSTI (Lugo - Lugo)

IES LEIRAS PULPEIRO (Lugo - Lugo)

IES POETA DÍAZ CASTRO (Guitiriz - Lugo)

IES MONTE CASTELO (Burela - Lugo)

IES VILAR PONTE (Viveiro - Lugo)

CPI CERVANTES (San Román de Cervantes - Lugo)

Encontros virtuais na Zona USC

Complementamos os encontros presenciais cos Encontros Virtuais

Organizamos unha páxina web de entrada (<https://www.usc.gal/gl/encontros-virtuais>) con ligazóns as páxinas específicas de cada centro e que damos a coñecer a través dos centros e orientadores de ensino medio. O estudantado pode entrar, mediante as ligazóns desa páxina inicial, ás páxinas específicas de cada centro onde se atopan vídeos e información relacionada coa titulación do seu interese. Ademais, en cada unha desas páxinas había unha ligazón para que o estudante puidera interactuar, mediante videoconferencia síncrona, con profesorado e estudantado dos distintos graos que se imparten nos centros dos campus de Lugo e Santiago.

O alumnado da USC colabora na elaboración de información para a páxina web, a través de vídeos contando a súa experiencia académica e de vida universitaria, e tamén participan nas videoconferencias contestando a preguntas e resolvendo dúbidas do estudantado preuniversitario.

Neste curso tiveron lugar do 16 ao 21 de xuño e as páxinas web dos encontros virtuais contaron con 4.786 visitas.

Aproveitamos este resume para agradecer aos centros de ensino medio a súa axuda para dar a coñecer ao seu estudantado a dirección da páxina de entrada dos encontros virtuais.

A USC Camiña.
Xornadas de
achegamento á
USC


O Programa “A USC CAMIÑA. Xornadas de Achegamento á USC” pretende achegar a Universidade ao estudiantado de Ensino Medio e á sociedade das distintas comarcas de Galicia mediante a organización dunha mostra itinerante.

Neste curso 2022-23, programouse a actividade nas seguintes datas:

19 de decembro de 2022 en Monforte de Lemos, a que asistiron 298 estudantes visitantes

24 de xaneiro de 2023 en Ribeira a que asistiron 395 estudantes

26 de xaneiro de 2023 no Barco de Valdeorras a que asistiron 491 estudantes





Curso do Programa de Tutores

O Programa de Tutores desenvólvese durante dous cursos académicos, no primeiro curso fórmase ao alumnado titor para que teña un mellor coñecemento da USC e no seguinte curso este alumnado colabora na recepción de estudantes de novo ingreso e encárgase de titorizar aos estudantes de 1º curso.

O programa do 1º curso, desenvólvese en 12 sesións, durante tres semanas de marzo en sesións de luns a xoves de 20:15 a 21:45h.

O programa, xunto cos docentes que o imparten, é o que se detalla a continuación:

A parte xeral desenvólvese do 6 ao 23 de marzo co seguinte programa

	PROFESORADO SANTIAGO	PROFESORADO LUGO
1.- Formación de equipo de alumnado titor de A Ponte	Javier Agrafojo Fernández	Fátima Teixeira Vázquez
2.- A USC. Organización e Servizos	José Luis Braña Rey	José Luis Braña Rey
3.- As relacións administrativas alumno – universidade. Oferta Académica da USC	Silvia Villegas Ramos	Silvia Villegas Ramos
4.- As Linguas na USC (CLM) / Formación en dereitos lingüísticos (SNL)	Katerina Vlasakova / Manuel Núñez Singala	Martázul Busto Nuñez / Xusto Alexandre Rodríguez Río
5.- A participación desde a USC: voluntariado, cooperación e integración	Javier Agrafojo Fernández	Fátima Teixeira Vázquez /
6.- A Biblioteca Universitaria: puntos de servizo e recursos ao dispor do estudiantado / Programas de Mobilidade	Almudena Quintans / Servizo de Relacións Exteriores	María Pilar Quiñones López e María Pilar Franco García / Laura Pérez Álvarez
7.- A titoría e a orientación universitaria/ Titoría entre iguais: planificación e recursos/ Algúns exemplos prácticos	Maria Julia Diz López	Maria Julia Diz López

8.- O Consello do Estudantado e os órganos de Goberno da Universidade	Consello do Estudantado: Antía Vilas Olveira Daniel González Pérez	Consello do Estudantado: Diego López Seoane Antía Vilas Olveira
9.- Emprendemento e Empregabilidade O desenvolvemento da Carreira Profesional	Eva López Barrio	Eva López Barrio
10.- Actividades Culturais e Deportivas	Pilar Murias (Vicerreitora) / Javier Rico (Delegado Deportes)	Paloma Lugilde / Jesús Castro López
11.- Experiencias de Titorización	ALUMNADO TITOR	ALUMNADO TITOR
12.- Técnicas de Comunicación	Roi Méndez Fernández	Pablo Vázquez Sande

Parte específica:

Cada centro informará aos seus titores sobre as particularidades do mesmo:

- Planos de estudos
- Intercambios existentes
- Saídas profesionais
- Recursos Bibliográficos específicos do centro
- Asociacións estudantís do centro
- O Campus Virtual

ACTO DE RECOÑECIMIENTO AOS
MELLORES ESTUDANTES DE
CENTROS DE ENSINO MEDIO DE
GALICIA NAS PROBAS DE
AVALIACIÓN DE BACHARELATO
PARA O ACCESO Á
UNIVERSIDADE

Podemos centrar a descrición deste acto nunha recepción e entrega de diplomas para o estudiantado que obtén un sobresaínte na súa Nota de Acceso á Universidade (NAU: Nota da Fase Obrigatoria). A esta nota súmaselle a nota da Fase Voluntaria para calcular a Nota de Admisión en cada grao universitario.

Os estudantes de Ciclos Formativos de grao superior, con nota media de sobresaínte no seu expediente, que se presentaron as ABAU foron convocados o 14 de xuño no Auditorio da Facultade de Veterinaria de Lugo e os estudantes de Bacharelato que acadaron nota de sobresaínte na Fase Obrigatoria das ABAU foron convocados o 22 de xuño no Multiusos Fontes do Sar de Santiago. Nos dous actos acudiron acompañados dos seus familiares e profesores.

Os actos poden verse na canle de youtube da USC

<https://www.youtube.com/playlist?list=PLN7h5nFkg2ZX9168SX5rt6k9i-qIzydhg>

ACTO PARA ESTUDANTES DE FP

O Acto celebrouse o 14 de xuño ás 17:30h. no Auditorio da Facultade de Veterinaria de Lugo. Estivo presidido polo reitor da USC acompañado por Dona Eugenia Pérez Fernández, Directora Xeral de Formación Profesional; D. Mauricio Repetto, Concelleiro de deportes e xuventude do Concello de Lugo; D. Francisco José Fraga López, Vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo e Dona Dulce María García Mella, Secretaria Xeral da Universidade.

Abriu o acto o reitor e a continuación interveu a estudante dona Carla Castrillo Escolar, estudante do IES Muralla Romana de Lugo, en representación do alumnado homenaxeado, e o profesor Antonio Ibáñez, Director do Politécnico de Lugo, en representación do profesorado de FP.

A continuación Celso Rodríguez Fernández, delegado do Reitor da USC para o Ensino Medio, fai o chamamento individual de cada un dos estudantes homenaxeados para a entrega de diplomas por parte das autoridades que integran a mesa presidencial.

Finalizou o acto coas intervencións de Mauricio Repetto, Concelleiro de deportes e xuventude do Concello de Lugo, Dona María Eugenia Pérez Fernández, Directora Xeral de Formación Profesional, e a intervención final de peche do acto por parte do Reitor da Universidade.

O seguinte cadro recolle o reparto dos estudantes dos distintos centros de FP por provincia e sexo

Provincia	Nº total de alumnos/as	Mulleres	Homes
A CORUÑA	100	75	25
LUGO	13	10	3
OURENSE	16	10	6
PONTEVEDRA	78	57	21
Total	207	152	55

Discurso da estudante, en representación do alumnado homenaxeado

Dna. Carla Castrillo Escolar, estudante do IES Muralla Romana de Lugo

Muchas gracias.

Señor reitor, autoridades representantes dos organismos e institucións, familiares, amigos, parellas e compañeiros alumnos, boas tardes a todos.

Ante todo quería comezar dándovos as grazas a todos por acompañarnos nun día tan significativo como este.

Ademais, felicitar aos meus compañeiros de toda Galicia por conseguir estes magníficos resultados, que son froito do esforzo e traballo dedicado durante estes anos. Estou segura de que o proceso para conseguilos non foi do todo fácil, pero aquí estamos, conseguimos chegar á meta desta gran etapa da nosa vida. A cal nos abre moitas portas para comezar a seguinte etapa na cal á parte de nós, están implicadas máis persoas. Refírome aos profesores, pero sobre todo a eses que de verdade che axudan e ensínanche para que consigas o que queres. Refírome tamén ás nosas familias, as que sempre van apoiarnos incondicionalmente, aínda que guiándonos para atopar o mellor camiño e conseguir os nosos obxectivos da mellor maneira posible. Eles son os que nos viron sufrir en casa, os que sufriron connosco cando non conseguíamos algo, pero tamén se alegraron por e connosco ao conseguir chegar ata aquí. Incluíu aquí tamén aos nosos amigos e parellas, ese lugar onde nos refuxiamos cando algo sae mal, e onde festexamos os nosos logros.

Moitas grazas a todos, porque sen vós isto non sería posible.

E, en canto a nós compañeiros, agora é cando toca expornos de que queremos que se trate a seguinte etapa. Moitos nesta fase elixirán abrir paso á súa vida laboral e aplicar todos os coñecementos que obtiveron durante estes anos. Outros moitos seguiremos estudando, xa sexa noutra FP ou na universidade.

Todos sabemos que tampouco será unha etapa fácil, e sobre todo ao principio, que hai moitos cambios, son cousas novas que non vivimos nunca.

Só quero desexarvos ánimos a todos, para afrontar con ganas e ilusión todo o bo, e o non tan bo, que poida acontecer a vosa decisión e moita sorte na vosa nova etapa.

E lembrar que se non sae á primeira, pode tentarse unha segunda, unha terceira ou as veces que sexan necesarias. Ou se vos dades conta de que

ao final non queredes o que elixistes, sempre estaredes a tempo de cambiar o rumbo. O importante é non darse por vencido e conseguir o que un desexa.

Parabén a todos.

Moitas grazas.







ACTO PARA ESTUDANTES DE BACHARELATO

O Acto celebrouse o 22 de xuño ás 17:30h. no Multiusos Fontes do Sar de Santiago. Estivo presidido por D. Alfonso Rueda Valenzuela, presidente da Xunta de Galicia, D. Antonio López Díaz, reitor da USC, D. Julio Abalde Alonso, Reitor da Universidade da Coruña, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor da Universidade de Vigo, Dna. Goretti Sanmartín Rei, Alcaldesa do Concello de Santiago de Compostela, D. Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, D. Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde do Concello de Pontevedra, Dna. Olga López Rocamonde, Concelleira de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores do Concello de Lugo, Dna. M^a del Carmen Pieltain Fernández, concelleira delegada de Mobilidade e Seguridade do Concello de Ferrol, Dna. M^a del Pilar Murias Fernández, vicerreitora de Estudantes e Cultura da USC, D. Francisco J. Fraga López, vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo da USC, Dna. Dulce M^a García Mella, secretaria xeral da USC, Dna. María José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade da Universidade da Coruña, Dna. María Jesús Movilla Fernández, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade da Universidade da Coruña, D. Alfonso Lago Ferreiro, vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente da Universidade de Vigo, Dna. Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade da Universidade de Vigo e Dna. Susana Reboreda Moril, vicerreitora de Estudantes e Extensión Universitaria da Universidade de Vigo.

D. Celso Rodríguez Fernández, delegado do reitor da USC para o Ensino Medio, exerce de moderador do acto e concede as quendas de intervención.

Interveu en primeiro lugar Goretti Sanmartín Rei, Alcaldesa do Concello de Santiago de Compostela, para dar a benvida a todas e todos os asistentes.

A continuación interven D. Iván Lafuente Dapena, estundade do IES Saturnino Montojo de Ferrol, en representación do alumnado homenaxeado e D. Carlos Ferreiro García, director do IES Blanco Amor de Ourense, en representación do profesorado de Bacharelato.

A continuación o colectivo Vella escola coa voz de Esperanza Mara ofrécenos un petisco musical do espectáculo Ópera Breacks.

Don Celso Rodríguez Fernández, delegado do Reitor da USC para o Ensino Medio, fai o chamamento individual de cada un dos estudantes homenaxeados para a entrega de diplomas por parte das autoridades que integran a mesa presidencial.

Soa un novo petisco musical do colectivo Vella Escola. Un número de beat voz e breack dance do espectáculo "Ópera Breacks".

Finalizou o acto coas intervencións do reitor da Universidade de Vigo, D. Manuel J. Reigosa Roger, do reitor da Universidade da Coruña, D. Julio Abalde Alonso, do reitor da Universidade de Santiago de Compostela, D. Antonio López Díaz, e a intervención final de peche do acto por parte do Presidente da Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda Valenzuela.

Dos 1,139 estudantes convocados, asistiron 993 estudantes e 59 excusaron a súa asistencia.

O seguinte cadro recolle o reparto dos estudantes por provincia e sexo

Provincia	Nº total de alumnos/as	M	H
A CORUÑA	502	351	151
LUGO	117	75	42
OURENSE	97	63	34
PONTEVEDRA	336	235	101
Total	1052	724	328

Discurso do estudante, en representación do alumnado de Bacharelato

D. Iván Lafuente Dapena do IES Saturnino Montojo de Ferrol

Señor Presidente da Xunta, Señor Conselleiro de Educación, Señores Reitores Magníficos das Universidades de Santiago, Coruña e Vigo, autoridades académicas e civís, familiares e compañeiros, boas tardes a todos.

En primeiro lugar, gustaríame agradecer o privilexio que se me outorgou para estar hoxe aquí dirixíndome a vós. Ademais, cómpre dar os parabéns a todos os compañeiros que superaron con éxito a proba de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade, acadando uns excepcionais resultados, que reflicten a constancia, esforzo e superación durante estes dous anos de bacharelato que deixamos atrás e que marcarán en gran medida a nosa futura traxectoria académica e persoal.

Acabamos de rematar unha etapa dura; unha etapa na que tivemos que atopar a harmonía entre os nosos estudos e a nosa vida social; unha etapa na que non faltaron os nervios, as inquedanzas e inseguridades, pero tampouco as alegrías e risas; unha etapa na que tomamos unha serie de decisións adquirindo responsabilidades, madurando como persoas e priorizando os nosos deberes por enriba dos nosos intereses particulares; unha etapa que pon fin a nosa vida tal e como a coñecemos, ao que estamos acostumbrados ata o de agora, dando comezo a unha nova fase de crecemento académico, pero tamén de evolución persoal, iniciándonos na vida adulta.

Así mesmo, neste longo proceso foi indispensable a seguridade e confianza en nós mesmos, que ás veces pode chegar a desvanecerse por mor dos escollos que atopamos no noso camiño, sendo primordial o apoio dos nosos familiares, compañeiros, amigos e profesores, para, deste xeito, seguir loitando polos nosos obxectivos que hoxe mesmo estamos a conmemorar.

Como todos sabemos, os familiares e amigos foron os que sufriron en primeira persoa os nosos problemas, os que depositaron en nós as súas confianza e os que nos motivaron e nos fixeron crer que podíamos conseguir todo o que nos propuxésemos. Pola súa parte, os profesores xogaron un papel esencial no noso desenvolvemento; coa súa dedicación e compromiso achegáronnos os seus coñecementos permitindo brotar en nós a curiosidade necesaria para conseguir unha aprendizaxe en todos os aspectos da nosa vida.

Chegados a este punto, atopámonos ante un novo desafío, un novo reto que afrontar con esperanza e ilusión, pero tamén con inquietude polos incuestionábeis cambios que supón na nosa vida. Moitos sabíades desde sempre por que camiño optar no voso futuro, outros decidístelo recentemente,

e algúns, coma min, dubidámolo ata o final, xa que non é doado escoller cando se nos presentan múltiples opcións do noso interese.

Como persoas civilizadas do século XXI que somos, seremos capaces de continuar o legado que nos deixaron as xeracións anteriores, creando unha sociedade na que problemas como o consumismo e o cambio climático sexan un mito; unha sociedade na que se valoren as persoas polas súas capacidades, competencias e moralidade; unha sociedade na que deprendamos dos erros inherentes á natureza humana para, deste xeito, mellorar, xa que tal e como di o dito popular “de todo se aprende neste mundo”.

Por último, gustaríame agradecer a todas as persoas que fixeron posible este acto de recoñecemento do noso traballo, e se se me permite, querería destacar o labor do IES Saturnino Montojo por permitirme chegar ata onde hoxe estamos todos nós.

Parafraseando a Stephen Hawking, “o futuro é indefinido e existe só como un espectro de posibilidades”.

Parabéns a todos e moitas grazas.

Discurso do profesor, en representación do profesorado de Bacharelato D. Carlos Ferreiro García, director do IES Blanco Amor de Ourense.

Sr. Presidente da Xunta de Galicia, Sra. Alcaldesa de Santiago, Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Sres. Reitores das Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, Sr. Delegado do Reitor da USC para Asuntos de Ensino Medio e coordinador do Programa A Ponte, a quen agradezo a invitación para participar neste Acto de Recoñecemento aos mellores expedientes de bacharelato.

En representación dos centros educativos presentamos un saúdo afectuoso a nais, pais, familiares e amizades que nos acompañan. E, en especial, aos protagonistas deste acto, esta pléiade de alumnas e alumnos excelentes, ós que quero felicitar polo esforzo cristalizado neses expedientes académicos extraordinarios, e a quen me dirixirei nesta breve intervención.

A maioría de vós estabades en terceiro de ESO cando se desatou a pandemia e no seu momento truncou aspectos fundamentais da vosa vida académica. Esa formación non presencial deixou algunhas lagoas que tivestes que superar nos cursos seguintes, algo que salta á vista. Con todo, o coronavirus fixo que a frase de Unamuno “o progreso consiste en renovarse” sexa a vosa rutina. De cara ao futuro temos que entender que o que estes tres anos nos mostraron é que os desafíos aos que nos enfrontamos van moito máis alá dun virus e que a vella normalidade non era o suficientemente boa. A pandemia fixo aflorar problemas que estaban latentes desde había moito tempo: a ampliación da desigualdade económica, a falta de atención médica básica para millóns de persoas, o fanatismo e o sexismo ou a falta de entendemento a nivel político. De forma especial, os educadores advertimos que o estrés, o medo e a incerteza que se xestou durante e unha vez superada a pandemia poden desgastar a calquera, pero para as mozas e mozos foron aínda máis devastador emocionalmente. Sabemos de feito que esta crise xerou importantes resonancias emocionais nos adolescentes.

Pero, con todo isto, comprendemos mellor que a sociedade funciona máis cohesionada e con éxito cando se pensa non só nun mesmo, senón tamén nos demais. Vimos que traballos e oficios que estaban nun segundo plano, pasaron a ser esenciais, e viceversa. E a pesar do temibles e incertos que poden ser estes tempos, tamén son unha chamada para espertar: son unha oportunidade increíble para a vosa xeración. Terédesvos que reinventar, e iso é un proceso complicado. Pero se se acomete apoiándose, dunha maneira social, pode ser moi construtivo.

Nesta época de eventualidades e vertixinosos cambios, máis culturais e tecnolóxicos que biolóxicos, cada vez resulta máis difícil saber que coñecementos e habilidades concretas necesitaredes nun futuro. Mudaron moitas cousas: estilo de vida, tempo de lecer, forma de relacionarnos, forma en que adquirimos os datos e a información, forma na que, logo, a procesamos para pasar ao coñecemento,... Como di o autor, “a formulación, nó e desenlace dos mozos cambiou”, co cal, case non vos serve a nosa experiencia. A nosa xeración tiña un modelo de sociedade e familia estable que nos servía de guía para as nosas vidas. Agora necesitamos un tipo de intelixencia que inclúa saber que facer cando non se sabe que facer. Ser capaz de implicarse nas máis complexas incertezas sen desconcertarse: tede flexibilidade emocional! Di o psicólogo Martin Seligman que os hábitos de pensamento non teñen por que persistir para sempre. Un dos achados máis significativos da psicoloxía no últimos vinte anos, é que os individuos elixen a súa forma de pensar e a súa actitude diante do que sucede exteriormente.

Porén, adquirimos unha maior conciencia da importancia da Ciencia e Tecnoloxía e, probablemente, unha conciencia maior sobre a importancia das Humanidades, no seu sentido integral, pleno. ´ A hora de falar de aprendizaxe, debemos separar dous significados: ?un, que é o mero feito de rexistrar na memoria todas as

nosas experiencias e, outro, que supón sacar da experiencia algún ensino que nos permita mellorar a nosa capacidade de comprender as cousas, tomar mellores decisións e axudarnos a actuar mellor.

Durante a pandemia, advertimos a necesidade de investir en ciencia e investigación para mellorar a sanidade. Pero, tamén, advertimos a forza emocional que exerce a música no comportamento das persoas en calquera etapa da vida, manifestamente durante o confinamento. A arte, a música, o teatro, a danza e a literatura, entre outras disciplinas, poden ter un impacto positivo na saúde mental, apoiando ao tratamento psicolóxico tradicional, sen menoscabo da importancia per se (por si mesmas) de tales disciplinas. Pódese sintetizar en que a ciencia explica e razoa os sentimentos e as emocións (a través da neuroloxía, psicoloxía ou psiquiatría); a arte transfíreas.

Aínda máis: que teñen que ver a lingüística, a Intelixencia Artificial e o ámbito da saúde? Como se relacionan estas tres áreas? E o máis importante: para que? A clave está en que se pode aplicar a Intelixencia Artificial no sector saúde a través da linguaxe. Recentemente escoitei a unha experta dicir: "A lingüística tamén salva vidas". Embrións sintéticos, os límites da IA, a nanotecnoloxía para o redeseño do corpo, a descarga da conciencia, a singularidade... é apremiante unha ética científica, é dicir, necesitamos da participación da Filosofía, sen menoscabo da súa importancia secular como disciplina por si mesma.

A sociedade e o individuo precisan de todas as disciplinas, si, tamén as clásicas, nun mundo cada vez máis complexo que demanda máis colaboración multidisciplinar. Así que, elixide a disciplina en razón do que máis vos motive, que máis vos apaixone nos vosos estudos superiores inmediatos, obviando as razóns utilitarias do mercado ou as modas. Ata podedes cambiar no camiño. Exemplos sobran. Citarei algúns que coñezo, pola miña formación. Sóavos as Teorías de Cordas? Matemáticas moi profundas combinadas con problemas fundamentais da Física Teórica. Pois un protagonista revolucionario de tales teorías é Edward Witten, contemporáneo, quen se licenciou en Historia e Lingüística, mesmo exerceu de xornalista político. Logo estudou Física e Matemáticas chegando a gañar a Medalla Fields. Tamén, ao contrario, Ernesto Sábato doutorouse en Física en Harvard e, sendo un físico prometedor, abandonou a Ciencia pola Literatura, e xa coñecemos o seu legado. A matemática rusa, Sofía Kovalevska, que tamén se dedicou a escribir novelas e obras de teatro moi populares no seu tempo. Máis preto de nós, o madrileño José Echegaray, matemático e Premio Nobel de Literatura. E máis preto aínda, o profesor de Matemáticas da USC, Enrique Vidal Abascal, destacado pintor e humanista, tamén.

Buscade un sentido ás vosas vidas, tede un proxecto de vida, que vos servirá para saber como vivila coherentemente. O éxito basearase na vosa propia medida. Como reza no Principiño: "O mundo enteiro apártase cando ve pasar a alguén que sabe onde vai".

Hoxe é un gran día para vós. Estamos moi emocionados de festexar convosco. Pero tamén é un momento axeitado para agradecer ós vosos familiares, esas persoas que vos acompañaron desde o principio, apoiándoos, impulsándoos a crecer e dándoos acubillo cando o necesitabades. Esas persoas merecen o voso amor e agradecemento. Tamén, queremos agradecer aos representantes da Consellería de Educación, que seica reciben máis queixas que gratitude, por poñer ao noso dispor coa súa xestión, numerosos plans, programas educativos e recursos que, aos centros educativos, nos facilitan escenarios para desenvolver actividades de gran valor.

A un intre de deixar o bacharelato, entrades pola porta grande na vida dos estudos superiores. E aquí, se atopan os representantes das universidades galegas para acollervos e posibilitar o cumprimento dos vosos plans e soños académicos. E para finalizar, desexarvos o mellor na realización do voso proxecto de vida. Moitas grazas





